

Falemos do meu libro

O libro

Saíu á venda en novembro editado por Canela

Contidos

Inclúe varias cantigas que compuxo o propio Górriz

Protagonistas

Vecinos de Xullán, Remesar ou Rubián

Un agasallo de imaxes, músicas e vivencias

● **Óscar Górriz** recolle no libro 'Bóveda, a memoria do lugar' a tradición, os lugares e a etnografía dos veciños dese concello

TEXTO: A. RODIL

O músico e fotógrafo Óscar Górriz achegouse á Casa da Memoria de Bóveda, situada no lugar de Xullán, en Tuimil, para traballar nun documental sobre O Pequeniño do Incio, Manuel Díaz, que foi médico e alcalde do Incio. Durante esa estancia Patricia e Julio, os responsables do centro cultural e artístico no que se reconverteu a antiga Casa da Peña, adicada antes a residencia de farmacéuticos, faláron con Górriz da posibilidade de poñer en marcha residencias artísticas.

Ese foi o xerme do libro 'Bóveda, a memoria no lugar', que recolle, como o seu nome indica, a memoria de Xullán, de Tuimil e, en xeral do concello bovedense.

"Cando Patricia e Julio me faláron das residencias artísticas entendín que o primeiro de todo era recompilar a memoria da contorna. As vidas da xente, as lendas, os lugares, as músicas, os recordos e a paisaxe cultural. Eu traballara coa cantareira Fransy González en recollidas etnográficas en Malpica. Foi unha experiencia que me aportou moito e a idea de facer unha recollida na provincia de Lugo, que está menos explorada nese ámbito, motivoume moito", explica Óscar Górriz.

Levar todo o material ao formato dun libro era para Górriz case unha obriga. "Na época da nube, do dixital a memoria é aínda máis feble. Necesitamos papel para que quede constancia, para que se poida ver e tamén se poida gozar", engade.

A súa preocupación foi tal que compartiu co fotógrafo José Caruncho a súa intención de fotografar con carretes e negativos que se

puideran revelar. Con iso e unha gravadora Óscar Górriz marchou para Xullán no 2023 e guiado polos veciños visitou as casas, camiñou polas corredoiras, escoitou historias, lendas, vivencias e, ademais, fixo "moitos amigos", sinala.

Explica Górriz que no punto de partida foron importantes Patricia e Julio da Casa da Memoria, tamén José Luis e o propio alcalde, José Manuel. Eles guiárono ata as primeiras personas, as primeiras

Formatos

"Na era dixital a memoria é aínda máis feble. É vital imprimir e ter as cousas en papel, que se poidan ver"

Participación

"Compartín cos usuarios da residencia Domus VI algunhas saídas e varios encontros no centro"

testemuñas, e unhas levan ás outras.

A acollida da xente foi tan boa que Óscar Górriz pasa un bo apuro cando se lle pregunta cales son as persoas ou as historias que máis lle chamaron a atención.

Fala da "humildade" de Obdulia e Xosé, a parella que ocupa a portada do libro e que eran os encargados de coidar a Casa da Peña (hoxe Casa da Memoria) e traballar as terras.

Tamén fala dos usuarios da residencia Domus VI de Bóveda, un centro para persoas dependentes. "Algúns deles acompañáronme



Óscar Górriz, autorretrato.

en varias xornadas de traballo. Tamén fun varias veces ao centro para compartir fotos e historias cos que non podían saír", relata.

Entre os lugares, Górriz fai referencia á fraga na que se xuntan os ríos Santiago e San Lourenzo. Un lugar cheo de mitos e lendas no que o autor viviu tamén a súa propia experiencia máxica.

A MÚSICA. O autor tamén traballou na recolleita de música tradicional. "A xente máis maior do lugar case non recordaba cantigas antigas, había moitas referencias ás primeiras orquestras que pasa-

ron por alí... pero das cantigas orais anteriores case ninguén podía dar conta".

Entre iso e o consello e axuda de Ugia Pedreira, Górriz deu o paso de componse algunhas cantigas, unha xota, unha muiñeira, un romance e un pasodobre, que tamén forman parte do libro publicado. Esta parte do proxecto tamén lle abriu a mente e agora o autor e Ugia andan metidos nunha especie de laboratorio de cantigas e en distintos obradoiros que se realizarán en Ortigueira nos próximos meses, en sintonía co festival folk desa localidade.

A editorial Canela foi a que acolleu o proxecto interdisciplinar de Górriz, algo no que tivo que ver tamén a sensibilidade do músico Pablo Quintana.

O libro presentouse en novembro e xa se venderon máis de 200 exemplares.

Óscar Górriz atopou en Bóveda un universo e unha chea de persoas coas que é feliz, que lle gusta visitar de cando en vez.

E, como lle dixo Patricia da Casa da Memoria, "es un afortunado porque neste libro mostras todos os saberes e habilidades que acumulaches ao longo da túa vida".